

Un toque de advertencia

Joe espertou esa mañán co pitido do seu reloxo de mesa. Frotou con forza os seus ollos e incorporouse na súa enorme cama de sabas luxosas. Sentíase canso, enfermizamente canso. Non quería ir a traballar. Pola contra, prefería quedarse en bata estricallado no sofá cun bo periódico para ler.

Pero cando es o xefe do departamento executivo da Seguridade Nacional dos Estados Unidos de América un non pode faltar a un día laboral así como así. É menos un día coma aquel, no que se daría una reunión extraordinaria entre os 15 departamentos do Gabinete e o mesmísimo presidente, aínda que o tema a tratar fose tan arduo de abordar.

Así que Joe Birmingham colleu folgos e baixou da súa cama. Púxose o seu mellor traxe, os seus xemelgos de ouro e una camisa recen pasada polo ferro que lle deixara o día anterior a súa benquerida muller. Coa corbata pendurada do pescozo, baixou as escaleiras guiado polo arrecendo do almorzón recen feito.

Certo era que cos cartos que Birmingham posuía podía ter un grupo profesional de chefs á súa disposición as 24 horas do día, pero Joe era una persoa tradicional e de costumes arraigadas, e só permitía que a súa muller cociñase para él.

-Bos días ruliña- dixo Joe mentres bicaba súa meixela.

-Bos días, meu ben-respondeu ela sen apartar a mirada da tixola na que estaba a freír hovos- almorza ben e date presa. Hoxe será un día importante, ben seguro que cambiades o curso da historia.

-Non sexas ílusa cariño, por moito bombo que lle dean a esta reunión, non é máis que pura fachada. Falaremos durante horas sen dicir nada, e terminaremos botandolle a culpa a algún país pequeno ou a algún suceso que escape ao noso alcance e prometeremos buscar una solución, pagaremos un par de millóns a algún científico chalado ata que as cousas se olviden e en cuestión de un par de anos volveremos a ter outra reunión extraordinaria para solventalo de verdade, e así una e outra vez- fixo una pausa para

beber un puco de zume de laranxa e comer un anaco de beicon e proseguíu despois de tragar- O que deberíamos de facer era deixarnos de tanta palabrería, de tanta super reunión de poderes e de tantas promesas para escorrer o bulto e comezar a actuar intensivamente en programas de reciclaxe e demais. Tal como vamos, non chegaremos a ningures, non sendo que remataremos coa merda e o lixo ata o pescozo.

-Joe... non te poñas tan pesimista. Seguro que conseguídes algo. Eu confío en ti, es un bo home, e estas facendo o posible para axudar. Seino.

-Iso intento miña rula, pero non serve de moito que eu me esforcé cando a miña competencia é a seguridade nacional, nada relacionado co medioambiente. En fin, por moi inútil que sexa esta reunión, teño que ir queira ou non, e como me despiste ei de chegar tarde.

Joe ergueuse da mesa e comezou a anoar a corbata. A súa muller, ao ver que non era quen de facelo, limpou as mans do delantal e anooulle ela a corbata. Despois o Sr Birmingham colleu o seu maletín e montouse na parte de atrás do seu coche deixando á Sra Birmingham cociñando para os seus fillos todavía durmidos para dirixirse á maldita reunión.

Mentres tanto, diante da edificio de convencións, os curiosos e os reporteiros congregábanse coma formigas.

- Hoxe por fin se reunirán no edificio ás miñas costas os representantes do poder no país para atopar solución ao cambio climático que se está a sufrir en todo a mundo- falaba una profesional dos medios diante do seu cámara- por motivos de seguridade de datos, prohibíuse a todas as cadeas grabas o preceso da conversación. Polo de agora, aínda non chegou ningún dos representantes do Gabinete... Un momento, parece que Joe Birmingham, xefe do departamentp de Seguridade Nacional acaba de chegar no seu coche. Señor Birmingham, señor Birmingham, unas palabras para a cadea AM6. ¿Qué pretenden conseguir con esta reunión?

IES Maria Casares

1º BAC | NARRATIVA

Diego Fajardo Facal

LEMA: Aprender do pasado e actuar no presente para preservar o futuro

DESCRIPCIÓN:

Tratase dun relato fantástico no que o presidente de E.E.U.U. e o Gabinete de poderes recibe durante unha reunión extraordinaria a visita de alguén que o cambiará todo...



O chofer de Joe abriulle a porta do automóvil e este baixou del para atoparse de fronte coa primeira pregunta difícil do día.

- O que se pretende non é máis que atopar unha solución para este problema que nos atañe a todos. Nos Estados Unidos estamos preocupados por este suceso do cambio climático mundial, e achegaremos todos os nosos medios, tanto económicos como persoais, na loita por salvar á nosa benquerida Terra.

O que máis difícil lle resultaba era ter que mentir aos medios e finxir que realmente farían algo por solvéntalo todo. Apesadumbrado, o Sr Birmingham entrou non edificio para agardar aos outros.

Medía hora máis tarde, a reunión comezou e, tras expor o tema, o Gabinete comezou a deliberar sobre o tema.

- Señores, somos os homes e mulleres que deciden o curso de País, temos que atopar algunha solución. Alguén terá que ter a culpa.

- ¿E iso por qué? Durante miles de anos o clima da Terra cambiou dende o frío máis xelido ata o calor máis infernal, varias veces. ¿Por qué non pensar que se está a dar a mesma situación, que nos atopamos ante un proceso natural?

- Nese caso, deberíamos considerar que o ser humano está a acelerar considerablemente o proceo

- Ademáis, teñamos a culpa ou non, deberíamos buscar una solución, xa que en pocos anos poderíamos extinguirnos.

- Pero, se non é culpa nosa, estaríamos xogando a ser deuses se pretendemos cambiar algo tan grande.

- Por favor, levamos toda a fodida historia xogando a ser deuses, modificando o noso medio, e agora que non se trata de mellorar o noso benestar senon de salvar a nosa especie da extinción, ¿poñémonos éticos?

- Así non imos chegar a ningures, non nos estamos a poner de acordó en nada.

- Levamos xa horas aquí falando sen falar. ¿Qué tal se o deixamos para outro día?

- A mín paréceme ben.

- E a mín.

- ¿Pero non o vedes? Está volvendo a pasar o de sempre. Non nos poñemos de acordó e rematamos por non facer nada. Así da o mesmo as reunión que fagamos, xamais conseguiremos nada.

- Pero e que estamos cansos...

O ambiente da reunión tras todo ese tempo era cansino e espeso, e so estaban conseguindo demostrar a súa incompetencia. Parecía que estaban decididos a abandonar outra vez, pero algo estraño sucedeu nese intre.

A temperatura baixou bruscamente, un hálito estraño cubriu aos presentes coma un veo de seda escuro que deixaba pasar a luz con dificultade. Todos contiveron o alento expectantes, agardando. Ninguén sabía por

qué, pero todos agardaban a alguén.

Un foco de luz ao fondo da habitación, un ruído como de electricidade estática e de repente algo se materializou na habitación. Cegados pola luz, Gabinete e presidente enfocaron con dificultade a vista sobre a figura. Era una figura antropomórfica, pero só se podía observar una silueta envolta nuha especie de poder e autoridade. O ente mantíñase suspendido no aire, contemplándoos con curiosidade a través duns ollos brillantes cheos de consciencia e sabedoría.

Ninguén se atrevía a falar. Tremían de medo, de medo irracional ao descoñecido.

Pasaron uns poucos segundos que pareceron anos nos paralizados cerebros dos alí sentados ata que o figura comezou a falar.

- Vexo que me tedes medo. Sen embargo, deberíades saber xa que o máis perigoso nesta sala para vos sodes vos mesmos- a voz producía un efecto estraño. Pese a ser o ente a que a emitía, as ondas sonoras non parecían saír xustamente del. Parecía coma se viñese de todos lados e á vez de ningüres.

Un dos reunidos, con voz trémula e feble, atreveuse a abrir a boca.

- ¿Q...q...que es?- tartamudeou.

- Penso que iso non é o que nos atañe agora. Deixadevos de preguntar quen ou que son. Conformádevos con saber que estou por enriba de vos e que estou ao tanto de todo o que levades facendo todo este tempo. Fun testigo de todo o mal que lle levades facendo a este planeta. É unha sorte que aínda non poidades facer viaxes interplanetarios, senon a vosa infección xa estaría expandida por todo o universo. Pero non veño aquí a xulgarvos. Ao fin e ao cabo, só sodes unha raza inferior que actúa sen pensar, instintivamente. Sen embargo, pese á vosa escaseza de raciocinio, Nos, os eternos, os sempiternos, tras unha exhaustiva observación do pasado, presente e os posibles futuros da vosa raza, cremos que podemos evitar a traxedia.

Investigamos todas as liñas temporais que se puidesen dar. Existen millóns de futuros posibles, pero ensinareivos so un. O que alcanzaredes mási pronto do que pensades se seguides nesta liña de actuación.

O ente alzou unha man e moveo o brazo arredor. De súpeto, o mobiliario da sala desfragmentouse, dividíndose como se o entorno non fose máis que un crebacabezas formado por pezas pequeniñas. Estas pezas comezaron a xirar progresivamente ao redor do presidente e do seu Gabinete ata que se reorganizaron formando outra imaxe diferente á sala de reunións.

Sequían sentados nas súas cadeiras pero o chan ao seu redor era rocoso e escarpado. Reticentes, ergueronse dos seus asentos para botar unha ollada. Atopábanse no cumio dunha montaña rodeada de néboa. Cautelosamente asomáronse ao límite da plataforma na que



se atopaban para descubrir que a montaña non era tal. Abaixo, a unha distancia de un kilómetro máis ou menos extendíase un mar escuro revolto. Polo visto, estaban nunha illa. Seguindo a panorámica do mar ata o pe da illa, veron que ou final do acantilado no que se atopaban había unha pequena meseta preto da costa. Alí erguíanse unas pedras longas e afiadas coma coitelas manchadas de sangue. Mirando máis detenidamente, o grupo puído ver o que debeu de ser o corpo de alguén anteriormente. Botándolle imaxinación abonda podíase imaxinar como era a persoa cando estaba enteira, aínda que nese momento non era máis que un muñón sen extremidades ensartado nas pedras ensangrentadas.

- Santo ceo, ¿que lle ocorreu a ese home?- preguntou un dos homes.

- Caería ao baleiro e as bestas deborárono- contestou outro non moi convencido.

- Non o creo. Mirade esto- díxo un terceiro mentres recollía un caderno de notas do chan- aquí hai escrita unha nota de suicidio... Meu deus, isto que pon aquí é escolofriante. Aquí di que terminaron cos recursos naturais do planeta e que o aumento da temperatura fundiu os xeos. Según este papel, estamos no cumio do Everest. Polo visto, aquí se atopa o último reducto de vida humana, aínda que polo visto os humanos aquí volvéronse moi violentos debido á escaseza de alimentos.

- Se non teñen alimentos, e se atopan cun corpo inerte...

- ¡Oh, meu Deus! ¿¡CANTYVALISMO!?! ¿É unha broma? É imposible que cheguemos a ese extremo.

- Non. Maldita sexa, non o é. ¿É que non o entendedes? Ao non atopar unha solución para o cambio climático, a cousa irá a máis echegaremos a isto que vemos agora, e máis cedo do que pensabamos. Se non facemos nada, a humanidade chegará a esta situación antes de que a seguinte xeración tome o relevo.

- Tes razón, xa non se trata de escorrer o bullo nin de evitar as críticas sociais, este é un problema real.

- Pero... aínda podemos facer algo, ¿verdade? Quero dicir, se cambiamos podemos salvarnos ¿non?

- Ben, polo que nos contou o que sexa que fose a cousa que nos trouxo aquí e polo que pon neste papel, tardaremos menos de dez anos en chegar a isto, así que deberíamos de comezar deseguido.

- Vaítes, vexo que que o entedichedes cedo, creo que é suficiente, é hora de voltar.

De novo esa distorsión da realidade e en cuestión de segundos todos os homes volveron a estar sentados nas súas cadeiras fronte á mesa de reunión.

O ente, que estaba todavía levitando

no aire, fixo retumbar de novo a súa voz.

- Vichedes o que poida que aconteza. Teño poder para cambiar eu mesmo as cousas, pero non se nos está permitido interferir máis. Na vosa man esta que non aconteza.

Un fogonazo luminoso, outra vez a electricidade no ambiente, o veo de escuridade e o ente abandonou a realidade do noso universo.

- Ben, deberíamos avisar aos medios deste encontro inmediatamente- aconsexou un.

- Abofé que sí, prepararemos unha roda de prensa para explicalo todo.

- De ningún xeito-dixo o presidente- ¿que pensaría a opinión pública se as persoas máis importantes do país máis poderoso saen dunha reunión privada falando de visións do futuro e criaturas sobrenaturais? Poderíamos facer que cundise o pánico. Debemos manter o acontecido nesta reunión en segredo. Actuaremos en contra do cambio climático coma se a iniciativa saíse de nos.

- É o mellor, sen dúbida. Ben, comecemos a crear o proxecto...

Varias horas máis tarde, Joe Birmingham, aínda abraído polo acontecido na reunión, entraba pola porta da súa casa.

-Ola cariño- saudouno a súa muller- si que tardachedes, ¿consequichedes algo?

- Nin o imaxinas, meu ben, nin o imaxinas.

-¿Sí? Alegrome moito. ¿E como foi que ao final serviu de algo?

- Poeríase dicir... que tivemos unha boa visión de futuro...

100 anos despois

Un aeroplano con motor sostido por pila de hidróxeno surcou silenciosamente o ceo azul mentres pasaba por riba do enorme parque natural de Nova York. Miles de animais de diversas especies axítaronse co paso do vehículo. Centos de aves de cores exóticas alzaron o voo para seguir momentaneamente o traxectoria da nave antes de voltar aos seus niños. Unha rapaza duns 10 anos atravesou o inmenso estanque sobre os seus patíns aerodeslizantes e os peixes saltaron ledos intentando alcanzala. Unha clara adaptación da tecnoloxía á natureza, ningún vehículo contaminante, nada dañino para o medio natural. Moi atrás e olvidado queda o problema do cambio climático. Os seres humanos viven por fin respectando a natureza. Seguense a expandir, xa non só na mesma Terra senón no mesmísimo universo, pero xa non se impoñen sobre todo, senon que intentan enriquecerse co que encoíntras no seu camino, ofrecendo sempre algo a cambio.

Podé que isto pareza unha utopía no noso tempo, pero, ¿Cómo podemos saber que é imposible se non o intentamos?

Aprendamos do pasado e actuemos no presente para preservar o noso futuro.

